

# LOVING

[Jeff Nichols, 2016]

# 193

ESTREA EN NUMAX: 20.01.2017 | V.O.S.E. | +7

*Loving* (2016, 123')

**Dirección:** Jeff Nichols

**Guión:** Jeff Nichols

**Elenco:** Joel Edgerton, Ruth Negga, Michael Shannon, Marton Csokas, Nick Kroll, Jon Bass, Bill Camp

**Dirección de arte:** Jonathan Guggenheim

**Son:** Will Files

**Música:** David Wingo

**Fotografía:** Adam Stone

**Montaxe:** Julie Monroe

**Produtora:** Raindog Films (Gran Bretaña), Big Beach Films (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Vértigo Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Midnight Special*, 2016

*Mud*, 2012

*Take Shelter*, 2011

*Shotgun Stories*, 2007

## PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2017 (nominacións a Mellor Actor —Joel Edgerton— e Mellor Actriz —Ruth Negga—).

## SINOPSE

A historia baseada en feitos reais de Mildred e Richard Loving, unha parella que casa en Virxinia en 1958. Debido á natureza interracial do seu matrimonio foron arrestados, encarcerados e exiliados. Durante unha década loitaron polo dereito a volver a casa. A súa demanda de dereitos civís, *Loving v. Virginia*, chegou ata a Corte Suprema no 1967, reiterando o fundamento mesmo do dereito ao matrimonio.

«Unha peza clásica, conmovedora, extremadamente pudorosa e deslumbrante»

Luis Martínez, EL MUNDO



# LOVING

[Jeff Nichols, 2016]

## “Pasan tantas cousas que non teñen que ver cos diálogos”

**Entrevista a Jeff Nichols**

Por Matt Fagerholm

### **Houbo algunha persoa na túa vida que te inspirase á hora de rodar *Loving*?**

Hai moito dos meus avós. Hai unha conexión directa entre Richard Loving e o meu avó e as súas observacións sobre o matrimonio e o compromiso. Podías sentar ao meu avó durante horas e sacarlle tan só unhas poucas palabras. Cando unha muller casa con alguén coma Richard ou coma meu avó, recae nela ser a voceira das emocións da familia. A miña avoa era a xefa nese sentido, abofé, de palabra e de sentimentos, e Mildred tivo que facerse cargo tamén diso. Observa a súa evolución desde que era unha rapaza de dezanove anos ata esa muller que se responsabiliza do problema que teñen que afrontar. Escribiu unha carta a Bobby Kennedy mentres seguía coa batalla legal. Foi a parte esencial do cambio que comezou con esa resolución histórica. E foino dun xeito moi tranquilo e elegante.

**Gústame como evocas a fotografía de Richard descansando a súa cabeza no colo de Mildred mentres están no sofá vendo a tele. Cando lle pos a cara dunha persoa a un problema social, como sucede con esa fotografía, o problema faise máis difícil de esquecer.** É o cerne deste proxecto. Tiñamos un problema á hora de tratar o tema do racismo no noso país. Abordar igualdade no matrimonio e igualdade en xeral. Son temas complexos e que dividen á nosa sociedade, e creo que o único xeito de afondar nese debate é eleválos ao plano humano. Richard e Mildred dannos un punto de vista humano. Non formaban parte dun movemento particular. Casar non era un acto de resistencia senón de amor, e por iso podes coller puntos de vista moi polarizados e traelos ao plano humano.

**A contención á hora de narrar é unha opción ousada, e fiel ás persoas.** Sabía que tiña que definir moi ben aos Lovings. Reconstruír os seus puntos de vista requería dunha elegancia sinxela, sobre todo no caso de Mildred. Richard tiña unha resistencia frustrada causada en parte pola súa torpeza á hora de articular esa frustración, xa que neses tempos víase como un home incompetente. Que

frustrante debeu ser para Richard verse como un home incapaz de coidar da súa familia. Esas son as cousas que a min me interesaron, os feitos non verbais. Faime graza que despois a xente fale do diálogo, cando pasan tantas cousas que non teñen que ver cos diálogos. As palabras non son o primeiro que acode a esta xente. Esa é a súa forma natural de ser —Mildred menos que Richard, pero esa é a miña forma de filmar—. Era unha historia que eu sentín que sabía como contar, e sobre persoas que eu sabía como facelas brillar.

**Nunca deixa de impactarme o deseño de son, tan visceral, dos teus filmes, e *Loving* non é unha excepción.** En parte é a técnica da quietude, especialmente no caso de *Loving*. Con *Midnight Special* (2016) o son utilizouse como un construto narrativo. A audiencia está buscando nunha dirección cando de súpeto o son vén doutra. (...) Os filmes son un artificio, todo o que hai arredor deles é artificioso, e é o noso traballo, especialmente en historias como esta, botar abaixo ese artificio tanto como sexa posíbel e tentar achegarnos á realidade. O son é unha boa forma de atender a iso. Botamos moito tempo cos grilos que se escoitan ao fondo cando comeza o filme, porque tiñamos unhas cantas tomas que eran ruidosas de máis e outras que non eran abondo ruidosas. (...) Se o son está ben feito, ninguén se dará conta. Só se sentirá.

**Que che fixo percorrer unha distancia notábel ata atopar actores que se asemellasen aos personaxes reais?** Sentín que tiña que facelo. Non foi por mor dos espectadores, é que tiña unha fotografía mental deles, e iso era importante para min. Mira unha fotografía da nai de Richard, que está no documental *The Loving Story* (Nancy Buirski, 2011), e observa á increíbel actriz Sharon Blackwood, que participou nesa parte. Busca en Google unha fotografía de Bernie Cohen, o avogado, e despois bota un ollo a Nick Kroll. Vai ao Bernie Cohen do documental e escoita a Nick Kroll. Bernie tiña esa capacidade de actuar, e en parte é porque a cámara lle está apuntando. É coma se actuase pero tamén creo que podería ter pasado cando Richard coñece a Mildred por primeira vez. Non hai cámaras no cuarto pero el está actuando para convencelos de que el é o avogado perfecto para o seu caso, aínda que nin el mesmo estea seguro diso. Ao final da escena ves como rompe con ese personaxe.

Publicado en rogerebert.com  
Tradución: Olalla Cociña

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME